



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 5 DE OUTUBRO DE 2006,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) para a implantación dun programa de detección precoz de trastornos no desenvolvemento nas escolas infantís 0-3 anos dependentes da Xunta de Galicia.

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e Fundación Cetmar para a realización de actividades no marco do proxecto de apoio á formación profesional dos pescadores artesanais de Centroamérica.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) para a realización do proxecto de desenvolvemento rural dos territorios dos ríos Chanchán e Chimbo (Ecuador).

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo de procedencia inmediata execución do proxecto denominado “proxectos de execución para a construción de dous edificios en San Lázaro. Santiago de Compostela (A Coruña)”, promovido pola Consellería de Economía e Facenda
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta e o ente público Portos de Galicia para a construción do novo acceso ao porto de Burela



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello de Betanzos para a reurbanización das avenidas Jesús García Naveira, Linares Rivas e Fraga Iribarne
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Catoira para a construción de dúas áreas de estacionamento de autobuses no concello de Catoira
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de cinco millóns cento quince mil oitocentos vinte e dous euros con cincuenta céntimos, correspondente á obra “adaptación da estrada OU-113 Verín (N-525)- Vilar de Barrio ao Plan de Baixa IMD”.
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de seis millóns novecentos sesenta e seis mil cento sesenta e tres euros con cincuenta e catro céntimos, correspondente á obra “acondicionamento da estrada Lu-115 (Antiga CP39-01) Outeiro de Rei (N-VI)- Castro”.
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de sete millóns cincocentos noventa e nove mil setecentos dous euros con noventa e seis céntimos, correspondente á obra: “acondicionamento da estrada LU-651 Quiroga-Folgoso do Courel. Treito: Quiroga-Folgoso 1ª fase Quiroga-Alto do Boi”.
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de seis millóns cento noventa e tres mil catrocentos seis euros con setenta céntimos (6.193.406,70) correspondente á obra: “acondicionamento da estrada LU-651 Quiroga-Folgoso do Courel. Treito: Quiroga-Folgoso 2ª fase: alto do Boi-Folgoso”.

## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura de colaboración entre a Consellería de innovación e Industria e a Universidade da Coruña para a realización de actuacións orientadas ao desenvolvemento do software libre en Galicia.

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se aproba o Plan Estratéxico de Saúde Mental de Galicia 2006-2011



## **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Consello Regulador do Mexillón para impulsar a consolidación da denominación de Orixe Protexida (DOP) do mexillón de Galicia

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica financeira da Xunta de Galicia co Concello de Baño de Molgas para a execución das obras: "mellora das infraestruturas hidráulicas na Comunidade Autónoma. Abastecemento e saneamento a varios núcleos de Baños de Molgas. Baños de Molgas (Ourense), clave OH.532.501 por importe de cincocentos setenta e seis mil euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Redondela para a execución das obras : "plan de saneamento. Bombeos para o saneamento de Cabanas. Redondela (Pontevedra) ", clave Oh.336.674, polo importe de oitenta e seis mil cento vinte e sete euros e sesenta e un céntimos (86.127,61 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Santiago de Compostela e polo que se autoriza a aprobación do gasto para a execución das obras : "plan de saneamento. Saneamento da bacía do río Aríns. Colectores xerais. Santiago de Compostela (A Coruña) ", clave OH :315.720, polo importe de tres millóns cento doce mil novecentos oitenta e catro euros e noventa e sete céntimos (3.112.984, 97).

## **INFORMES**

## **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre os danos producidos polas choivas nos concellos de Cee e Dumbría.



## A XUNTA PORÁ EN MARCHA NAS ESCOLAS INFANTÍS GALEGAS UN PROGRAMA DE DETECCIÓN PRECOZ DE TRASTORNOS

- *Asinará un convenio coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) para a realización do proxecto*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) para a implantación, nas escolas infantís de 0 a 3 anos dependentes da Xunta, dun programa de detección precoz de trastornos no desenvolvemento dos menores. O obxectivo do proxecto -enmarcado no plan estratéxico de calidade que se está aplicando nas escolas infantís- é o de detectar canto antes posibles trastornos no desenvolvemento persoal dos cativos, que poden desembocar -se non son tratados a tempo- en importantes alteracións de saúde, de comportamento e psicolóxicas. A Vicepresidencia investirá 189.000 euros neste programa, cuxo período de execución se prolonga ata o ano 2009.

A Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, pretende deste xeito descubrir aqueles síntomas que, polas súas características, poden pasar desapercibidos para as nais e os pais, o persoal educador ou os pediatras, tales como dificultades relacionais, comunicativas, de linguaxe, de psicomotricidade, de autoestima ou de atención.

### **Fases**

O protocolo que se asinará entre a Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar e AGAT servirá para deseñar, desenvolver e implantar un protocolo de detección precoz de trastornos no desenvolvemento dos nenos e nenas e será un protocolo sistemático, flexible, sinxelo, específico e unificado para o conxunto das escolas infantís dependentes da Xunta que participen no programa.

Para a posta en marcha do programa, a Secretaría Xeral da Igualdade e a Asociación Galega de Atención Temperá organizarán unha comisión técnica de dirección -de carácter interdisciplinar- e unha rede de titores, formada por profesionais con ampla experiencia no eido do desenvolvemento infantil e da atención temperá. Esta comisión será a que se encargue do deseño, planificación, seguimento e apoio do protocolo a desenvolver.



O programa estrutúrase en cinco fases, que se van desenvolver no período 2006-2009: deseño do programa de formación, preparación do programa, desenvolvemento do programa nas escolas infantís, avaliación de procedementos e resultados e, por último, elaboración dos informes de avaliación sobre a situación e para a implantación do protocolo na rede de escolas infantís.



## O PRESIDENTE DA XUNTA VISITARÁ MAÑÁ CEE E DUMBRÍA PARA COÑECER DE PRIMERIA MAN OS DANOS OCACIONADOS POLAS INUNDACIÓNS

- *A Xunta avaliará os danos para afrontar a destrución provocada polo temporal de chuvía*
- *Terase que paliar a destrución en camiños rurais, asegurar os noiros e reparar as canles e ribeiras dos ríos, así como as estradas e pontes*

O Consello da Xunta de Galicia avaliou hoxe os danos producidos tras as inundacións rexistradas esta semana nos concellos de Cee e Dumbría, localidades que o presidente da Xunta visitará mañá para coñecer de primeira man a situación e as necesidades dos afectados. Segundo o informe, para avaliar os custos das enchentes e a determinación das axudas necesarias terase que considerar que os establecementos comerciais de xeito habitual teñen pólizas de seguro que cobren diferentes contingencias, mentres que os vehículos privados teñen pólizas de seguro que non cobren os gastos derivados de inundacións –polo que será o Consorcio de Compensación de Seguros quen decidirá sobre esa demanda-; e que posiblemente unha vivenda que resultou derrubada terá que ser substituída, polo que haberá que estudar a posibilidade dun acceso a unha vivenda protexida ou a concesión dunha indemnización semellante ás previstas no Real Decreto de Agosto.

Así mesmo, no informe recóllese que a Xunta, a Deputación e outras entidades terán que afrontar a destrución en camiños rurais e outras infraestruturas como muíños; asegurar os noiros; reparar as canles e ribeiras dos ríos -así coma a rede de saneamento de Cee-, estradas e pontes; e aboar aos concellos os gastos de mobilización de medios excepcionais que actuaron ante a situación de emerxencia.

Este texto supón unha primeira aproximación a partir dos informes verbais dos respectivos alcaldes e da comprobación visual efectuada por responsables da Xunta (conselleiro de Presidencia, director xeral de Protección Civil, delegada provincial da Consellería de Presidencia e xefe do Servizo Provincial da Coruña de Protección Civil), mentres os concellos elaboran informes pormenorizados.

### **Anegamentos provocados pola crecida dos ríos**

Neste sentido, o pasado día 2 de outubro rexistráronse precipitacións de chuvía que no Concello de Dumbría, de configuración montañosa con fondas vaguadas, deron lugar a unha crecida dos ríos. No caso do Xallas -regulado por un encoro- esta crecida puido ser controlada, mentres que no caso dos outros ríos provocaron importantes aumentos de caudal que rebordaron a canle habitual, anegando campos e provocando arrastres de cinzas, árbores, terras e rochas.



Ese trebón, polo efecto do gran desnivel existente ata a foz en Cee, foi deixando achegas de terra, destrución de pontes e muíños e danos importantes no casco urbano deste municipio. Ademais, cómpre sinalar que o momento da avalancha de auga coincidiu cronoloxicamente coa saída das clases do Colexio Público Eugenio López, onde estudian rapaces de 3 a 12 anos. A actuación do director e doutros membros da comunidade educativa, que retiveron aos rapaces no interior do recinto durante varias horas, evitou unha posible traxedia.

O temporal causou diversos danos no concello de Dumbría, coma cortes en estradas locais por derrubas da calzada, caída de árbores e movemento de terras; desaparición de dúas pontes e afectación dunha terceira; illamento total dun lugar habitado (Vilar do Paraíso); asolagamentos de terras e leiras pola enchente dos ríos -o que provocou a destrución de valados e colleitas-; e desaparición de dous muíños.

### **Inundacións en edificios**

En Cee, as choivas provocaron a inundación de varios locais comerciais (ao menos quince), con destrución de xénero e mobiliario, así coma de numerosos sotos utilizados como aparcadoiro, en vivendas, no mercado municipal e nun centro comercial; a destrución da vivenda habitual dunha familia; a aparición de lodos e terras que cobren a zona urbana e obstrúen a rede de sumidoiros; e destrución dun número indeterminado de automóviles, que poderían sumar 200. Ademais, hai problemas de comunicación en camiños rurais destes municipios.

Para afrontar os efectos inmediatos das enchentes, Protección Civil mobilizou aos medios da comarca, municipais e da Xunta, que segundo os alcaldes foron quen de resolver os problemas. Así mesmo, para as primeiras tarefas urxentes de accesibilidade e seguridade foi contratada a empresa TRAGSA.



## **GALICIA COLABORARÁ NO DESENVOLVEMENTO RURAL DA PROVINCIA ECUATORIANA DE CHIMBORAZO**

- *A Dirección Xeral de Cooperación Exterior do Goberno galego e maila Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) asinarán un protocolo de colaboración para a posta en marcha de tres actuacións*
- *O Goberno galego achegará para este programa un total de 50.000 euros*

Galicia colaborará no desenvolvemento rural da provincia ecuatoriana de Chimborazo, mediante unha actuación conxunta do departamento de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia e da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER). O Goberno galego autorizou, na súa xuntanza semanal de hoxe, a sinatura dun protocolo de colaboración para levar a cabo unha serie de actuacións coa finalidade de contribuír á mellora dos territorios das bacías dos ríos Chanchán e Chimbo, na provincia de Chimborazo, en Ecuador.

Segundo establece o texto do acordo, a Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta achegará un total de 50.000 euros para financiar actividades de fortalecemento da organización destes territorios, así como a identificación de oportunidades e a consolidación do proceso de planificación estratéxica para o desenvolvemento rural destas áreas.

Deste xeito, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural encargárase da realización de actividades de fortalecemento da organización da Corporación para o Desenvolvemento dos territorios das bacías dos ríos Chanchán e Chimbo. A tarefa principal consistirá en prestar apoio e asistencia técnica para a consolidación desta corporación mediante a aprendizaxe da metodoloxía Leader e de acordo cos intereses e características desta zona concreta. A Corporación cumpre co papel principal de xestionar os recursos e ordenar a oferta e a demanda do investimento público e privado para mellorar as condicións de vida dos cidadáns da rexión.

AGADER tamén realizará tarefas de identificación de oportunidades de colaboración neste territorio, inventariando as iniciativas en marcha ou en proceso de definición inseridas no proceso de planificación estratéxica da Corporación. Procurarase crear unha interacción e unhas sinerxias cos sectores galegos con experiencia de valor para a cooperación ao desenvolvemento.

Para estas dúas actividades, o Goberno galego achegará un total de 36.600 euros e contratará un técnico que se formará durante dous meses en Galicia e os outros 10 meses traballará nos territorios do Chanchán, en Ecuador.





### **Plan estratéxico de desenvolvemento rural**

En terceiro lugar, traballarase a prol da consolidación da estratexia que permita á Corporación elaborar un Plan Estratéxico, con base nas limitacións e oportunidades existentes na zona. O proceso de planificación, en liña co enfoque Leader, deberá facerse nun marco de participación de actores locais e tendo en conta as características ambientais, de seguranza xurídica e o perfil etno-cutlural do territorio.

Para a posta en marcha desta iniciativa, achegaranse un total de 13.400 euros, e contrataranse tanto expertos en desenvolvemento rural como en cooperación internacional, que realizarán misións de 15 días de duración no terreo.



## COOPERACIÓN EXTERIOR ACHEGA MÁIS DE 170.000 EUROS PARA ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DE PESCADORES CENTROAMERICANOS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración coa Fundación CETMAR para desenvolver catro iniciativas de formación*

A Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia achegará máis de 170.000 euros para actividades de formación de pescadores centroamericanos. O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun acordo entre a Administración autonómica e a Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) para a realización do proxecto de apoio profesional dos pescadores de centroamérica.

Ao abeiro deste acordo, realizaranse un total de catro iniciativas, que contarán co financiamento da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

En primeiro lugar, desenvolverase en Galicia, no mes de novembro de 2006, un seminario sobre primeira venda e comercialización dirixido a representantes das Administracións pesqueiras e das federacións de pescadores do Istmo centroamericano. A Fundación CETMAR encargárase da coordinación formativa e lóxística deste seminario, así como da posta á disposición das súas instalacións en Vigo para impartir a formación teórica do curso.

Tamén no mes de novembro deste ano, organizarase na cidade guatemalteca de Antigua un encontro para presentar do Plan de Pesca en Centroamérica 2007-2010.

Así mesmo, no marco deste convenio, sitúase tamén a posta en marcha do Plan de Formación para Pescadores Artesanais e Acuicultores en Centroamérica. Trátase dun módulo de formación e capacitación básica para pescadores de Honduras, Nicaragua, Panamá, Costa Rica, O Salvador e Guatemala. En cada un destes seis países desenvolveranse dous cursos de formación sobre esta temática. A coordinación destas actividades formativas correrá a cargo da Fundación CETMAR.

Finalmente, procederase á segunda dotación de equipamentos das oficinas de apoio creadas en cada un dos países participantes no Plan de formación (Honduras, Nicaragua, Panamá, Costa Rica, O Salvador e Guatemala).

A Xunta de Galicia, no exercicio das súas competencias en materia de cooperación exterior, vén executando proxectos e programas en países cun baixo índice de desenvolvemento humano por medio de instrumentos de cooperación técnica e económica en colaboración con outros entes públicos e privados. Deste xeito, desde



a Dirección Xeral de Cooperación Exterior estanse a executar diversos proxectos de cooperación para o desenvolvemento en materia pesqueira na área centroamericana.

Trátase de países cun enorme potencial en sectores como a acuicultura, a pesca de altura, o turismo, a produción forestal e o ambiente en xeral. A posición de Galicia ante esta rexión pode resultar decisiva se se conxugan un axeitado programa de desenvolvemento do seu tecido produtivo básico, de políticas ambientais, deseño de produtos turísticos.

### **Fundación CETMAR**

A Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) ten como finalidade fomentar e executar todas aquelas accións necesarias para unha conservación e aproveitamento responsable do medio mariño e os seus recursos, en especial no que respecta ao litoral galego. Entre as súas actividades inclúense tarefas de formación, investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, aínda que tamén leva a cabo accións executivas concretas fronte a demandas puntuais (análise, informes, asesoramento, axuda nas propostas e realización de actividades de investigación, transferencia de tecnoloxía, formación e programas de cooperación nacional e internacional).

Para a consecución dos obxectivos deste convenio, a Fundación CETMAR contará co apoio da Unidade Coordinadora da Organización do Sector Pesqueiro e Acuícola do Istmo Centroamericano (OSPESCA).



## **A XUNTA DE GALICIA APROBA O INVESTIMENTO DE MÁIS DE 40 MILLÓNS DE EUROS EN DIVERSAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE ESTRADAS, ÁREAS DE ESTACIONAMENTO E ACCESOS AO PORTO DE BURELA**

- *A Consellería de Política Territorial emprenderá obras para mellorar o estado de distintas estradas en Verín, Silleda, Quiroga, Folgoso do Courel, Outeiro de Rei e Castro*
- *Investiranse 7,2 millóns de euros en obras na construción do novo acceso ao Porto de Burela*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá máis de 33 millóns de euros en mellorar as estradas de diversos concellos galegos. Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta. A partida orzamentaria máis importante é a destinada ao acondicionamento da estrada entre Quiroga e Folgoso do Courel. Neste treito, da LU-651, de 21 kilómetros de lonxitude que une estas dúas localidades luguesas, contará cun orzamento de 13.793.110 euros.

As obras da primeira fase desta estrada, entre Quiroga e Alto do Boi, absorben un orzamento de 7,6 millóns de euros. Trátase dun treito moi sinuoso e con fortes ramplas e pendentes.

Política Territorial destina 6,2 millóns ás obras de acondicionamento do segundo treito, entre Alto do Boi e Folgoso do Courel.

A actuación da CPTOPT, que prevé tamén a mellora da sinalización horizontal e vertical da estrada, realízase co obxectivo de adecuar as condicións da vía ao nivel de tráfico pesado que circula por ela, á vez que incidirá nunha mellora dos tempos de percorrido e nun incremento da seguranza viaria.

### **Verín**

O departamento de Política Territorial destinará preto de 8,3 millóns de euros a obras de acondicionamento e mellora da estrada OU-113 Verín-Vilar de Barrio e na OU-114 Caldeliñas-Campobecerros.

Para as obras de alarga da plataforma e pavimentación da estrada que une Verín con Vilar de Barrio, destinará 5.115.822 euros. Este tramo conta con preto de 38,4 quilómetros de lonxitude que discorren polos concellos de Verín, Castrelo de Val, Laza, Sarreaus e Vilar de Barrio.

Así mesmo acometerase a sinalización axeitada dos pasais e pontellas estreitas e, nos casos que sexa necesario, farase unha ampliación deles. As actuacións comprenden ademais obras de drenaxe, así como mellora de sinalización e balizamento.



O obxectivo desta actuación é conseguir que, con pequenas melloras no piso, no largo da calzada e na sinalización e balizamento, se garantan as condicións mínimas de seguranza na circulación.

Doutra banda, na OU-114, que une Caldeliñas (no concello de Verín) con Campobeceros (concello de Castrelo de Val), a CPTOPT investirá 3.151.048 euros co fin de mellorar o pavimento e ampliar a plataforma da calzada. Esta estrada conta con algo máis de 21 quilómetros de percorrido que discorren polos concellos de Verín e Castrelo de Val.

### **Preto de 7 millóns para Outeiro e Castro de Rei**

Na reunión semanal do Goberno galego aprobouse tamén o investimento de 6.966.163 millóns de euros, -nos cales non se inclúen as expropiacións-, para o acondicionamento da estrada LU-115 entre Outeiro de Rei e Castro.

O gasto executarase en tres anualidades, concretamente, 6.000 euros no presente exercicio, 3.132.073 en 2007 e os 3.828.089 restantes en 2008.

Este investimento permitirá mellorar as condicións do devandito tramo de algo máis de 11 quilómetros, que une os concellos de Outeiro de Rei e Castro de Rei.

As obras que se emprenderán consistirán na ampliación do largo da calzada, mellorando o trazado existente. Ademais, mellorarase o estado do piso co fin de diminuír os tempos de percorrido. Todas estas melloras levaranse a cabo para incrementar a seguranza viaria tanto dos peóns como dos propios vehículos.

Esta actuación en materia de infraestruturas viarias beneficiará directamente case 10.500 habitantes dos concellos de Outeiro e Castro de Rei.

### **Silleda-Laro**

Na provincia de Pontevedra, deuse o visto e praxe ás obras de reforma e acondicionamento da estrada PO-201 Silleda-Laro, que contarán cun orzamento de 4.276.928 euros. Trátase dun treito de algo máis de 7 quilómetros de lonxitude que discorre integramente polo concello de Silleda, aínda que dá servizo a un total de 34.400 habitantes dos concellos de Silleda, Forcarei e Lalín.

A contía aprobada hoxe polo Consello non inclúe o pagamento de expropiacións (preto de 744.000 euros) nin a reposición de servizos afectados (cun orzamento de 135.000 euros).



As obras que se emprenderán consisten na alarga da estrada existente, mellorando o seu trazado tanto en planta como en alzado. O aumento da capacidade da vía repercute nunha diminución dos tempos de percorrido, nunha mellora da comodidade na condución e nunha maior seguranza viaria.

### **Área de estacionamento de autobuses en Catoira**

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial e o Concello de Catoira para construír unha área de estacionamento de autobuses en Catoira. O investimento efectuarase en dúas anualidades, concretamente, 80.000 euros no presente ano e os 200.000 euros restantes en 2007.

Política Territorial encargárase da elaboración, supervisión e aprobación do proxecto de construción, ademais da adxudicación, dirección e recepción das obras de referencia, así como de todas as actuacións relativas á súa tramitación e contratación.

O Concello, pola súa banda, comprometerase a poñer á disposición da Consellería os terreos necesarios e os correspondentes permisos e autorizacións precisos para levar a cabo as ditas obras. Unha vez rematadas, asumirá a explotación, mantemento e conservación esta área de estacionamento.

A construción de áreas de estacionamento de autobuses constitúe unha opción válida para mellorar a calidade do transporte público de viaxeiros en entidades de poboación, nas cales ou non está xustificada a construción dunha estación ou a área de estacionamento resulta máis conveniente para o servizo público ao permitir unha mellor integración urbanística.

A través deste tipo de infraestruturas, a Xunta de Galicia pretende compaxinar, cun maior grao de eficacia, a adecuada prestación e garantía do funcionamento do servizo público de transportes de viaxeiros coa satisfacción das necesidades dos usuarios, de tal forma que se consegue unha maior eficiencia na utilización dos recursos sociais.

### **Obras de acceso ao Porto de Burela**



Por outra banda, a Xunta investirá 7.260.000 euros na construción do novo acceso ao Porto de Burela, segundo se recolle no convenio de colaboración, entre ambas partes, autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

No texto, que proximamente asinarán a conselleira de Política Territorial, María José Caride, e o presidente de Portos de Galicia, Vicente Irisarri, salientase que o porto de Burela é un dos de maior volume de operacións entre os portos adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia. Nos últimos anos foi obxecto de diferentes ampliacións nas súas liñas de atraque e, actualmente, está a pleno funcionamento unha gran lonxa para o tratamento e comercialización da pesca, circunstancias estas que están a repercutir nun incremento do tráfico e da actividade nesta instalación portuaria.

Dado que o actual acceso ao porto de Burela realízase polo centro urbano, coas conseguíntes molestias e riscos para usuarios do porto e cidadáns, o proxecto a acometer contempla unha nova conexión que evitará, na medida do posible, o paso polo núcleo urbano, incrementando a seguridade do tráfico e a operatividade portuaria.

O futuro vial, de 1'290 quilómetros, partirá da Avenida da Mariña, á altura da nova lonxa onde se construíra unha glorieta, discorrerá entre o acantilado e a liña de Feve e rematará na Avenida Arcadio Pardiñas, mediante unha intersección.



## **POLÍTICA TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁN 1'7 MILLÓNS DE EUROS NAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DE TRES AVENIDAS EN BETANZOS**

- *Trátase das avenidas Jesús García Naveira, Linares Rivas e Fraga Iribarne, nas cales se renovarán as instalacións de saneamento, pluviais, auga potable, e iluminación, así como a pavimentación de calzadas e beirarrúas*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e maila de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirán un total de 1.730.000 euros nas obras de urbanización das avenidas Jesús García Naveira, Linares Rivas e Fraga Iribarne, na vila de Betanzos.

Así se establece no convenio de colaboración aprobado hoxe polo Consello da Xunta e que, proximamente, asinarán os respectivos conselleiros, María José Caride e Manuel Vázquez, xunto co presidente do organismo autónomo Augas de Galicia, Jorge Antonio Santiso, e mailo alcalde de Betanzos, Manuel Lagares.

O obxecto deste convenio é desenvolver as obras de urbanización, na súa totalidade, das avenidas Jesús García Naveira e Linares Rivas, e parcialmente, da avenida Fraga Iribarne. A actuación consistirá, concretamente, na renovación das redes de auga potable, augas fecais, augas pluviais e iluminación, así como na reconstrución de beirarrúas, pavimentación das calzadas e sinalización.

Co acto de sinatura do convenio, a CPTOPT iniciará o procedemento administrativo correspondente para proceder ao cambio de titularidade das avenidas mencionadas a favor do Concello de Betanzos.

### **Compromisos**

A Consellería de Política Territorial encargárase da contratación, execución e dirección das obras descritas no proxecto, así como da recepción das obras.

Canto ao financiamento das obras, a CPTOPT achegará o 50% do seu custo, é dicir, algo máis de 865.000 euros, repartidos en dúas anualidades, concretamente, 259.548 euros no presente exercicio e os 605.613 euros restantes en 2007.

Pola súa parte, Augas de Galicia, organismo autónomo adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, financiará o 50% restante do importe das obras, coa achega de idénticas anualidades.

Canto aos compromisos do Concello de Betanzos, este encargárase de achegar o proxecto técnico das obras, que deberá ser aprobado pola CPTOPT co visto e prace da Augas de Galicia.





Así mesmo, porá á disposición de Política Territorial os terreos necesarios para a execución das obras, libres de cargas e co réxime urbanístico axeitado, e reporá os servizos e servidumes que resulten afectados e non estean incluídos no proxecto.

Ademais, o Concello asume a responsabilidade canto á explotación, mantemento e conservación das tres avenidas mencionadas e dos seus servizos.



## **APROBADA A CONSTRUCCIÓN DE DOUS EDIFICIOS PARA USO AUTONÓMICO EN SANTIAGO**

O Consello da Xunta acordou hoxe a inmediata execución dos proxectos de construción de dous edificios para uso da Administración autonómica no barrio de San Lázaro, en Santiago de Compostela.

Trátase da construción dunha gardería infantil e dun arquivo para uso do complexo de San Lázaro e dos Servizos Centrais da Xunta.

Estes proxectos, promovidos pola Xunta a través da Consellería de Economía e Facenda, non se axustan ao actual Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) vixente, polo que o Concello de Santiago deberá abordar a modificación ou revisión do planeamento en vigor.

Para estes casos, a Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (coñecida como Lei do solo), prevé que sexa o Consello da Xunta o órgano que, por proposta da CPTOPT, aprobe os ditos proxectos, unha vez que dispoñan do informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, emitido neste caso o pasado mes de xullo.



## INNOVACIÓN E INDUSTRIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA COLABORARÁN PARA DESENVOLVER PROXECTOS DE SOFTWARE LIBRE

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e a UDC*

A Consellería de Innovación e Industria e a Universidade da Coruña colaborarán co obxecto de establecer un marco de actuación para a realización e mantementos dunha plataforma axeitada para o desenvolvemento de proxectos colaborativos de *software* libre, así como dinamización, investigación e soporte técnico destes proxectos. Así o autorizou esta mañá o Consello da Xunta, que lle deu o visto bo á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e a UDC.

En dúas anualidades, Innovación e Industria achegará 180.000 euros ao abeiro deste convenio para a execución de diversas actuacións para impulsar o emprego de *software* libre no noso país. Así, instalarase e manterase unha “forxa” ou espazo web de *software*, integrada no portal [www.mancomun.org](http://www.mancomun.org), que inclúa un sistema de control de versións e revisións, listas de correo para os usuarios e desenvolvedores, publicación de novas globais para cada proxecto, foros de discusión abertos, motor de busca e mapas de proxectos, xestión de tarefas e enquisas e estatísticas sobre a actividade dos proxectos e do conxunto da forxa, entre outras.

Actuacións que tamén abrangue a colaboración entre a Consellería e a Universidade da Coruña son dinamizar e coordinar distintos proxectos de localización ou creación de *software* en galego, dar soporte técnico en liña aos diferentes proxectos localizados na forxa, propoñer novas iniciativas para o desenvolvemento do *software* libre en Galicia e elaborar e traducir manuais e documentación en galego de materias que se consideren útiles para os obxectivos deste convenio.

### **Software libre**

O convenio coa UDC insírese na liña de actuación da Consellería de Innovación e Industria para o desenvolvemento do software libre en Galicia, tipo de *software* que constitúe unha peza clave para facilitar o acceso á sociedade da información e do coñecemento en condicións de igualdade, axudando a reducir o problema causado pola fenda dixital e permitindo unha maior penetración do uso da lingua galega nas aplicacións informáticas.

Trátase dun coñecemento tecnolóxico distribuído, compartido e accesíbel que favorece, ao xuízo da Consellería, o crecemento e aparición de empresas locais con capacidade de competir coas grandes multinacionais do *software* e permite aos usuarios e ao conxunto das PEMES escoller a solución máis axeitada e económica para as súas necesidades. O modelo baseado no software libre permite ademais



achegar a innovación ás PEMES do sector xa que facilita a creación e adaptación de novos programas informáticos, aproveitándose o extenso código aberto existente e dispoñíbel.

Neste escenario definido, a Consellería de Innovación e Industria promoveu este mesmo ano a creación do portal web “mancomun.org, iniciativa galega polo software libre”, coa intención de ofrecer un espazo aberto e punto de encontro das diferentes iniciativas galegas en software libre.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN ESTRATÉXICO DE SAÚDE MENTAL DE GALICIA 2006-2011 QUE CONTARÁ CUN ORZAMENTO SUPERIOR AOS 43 MILLÓNS DE EUROS

- *Crearanse 6 novas unidades de saúde mental, 6 novas de xeriatria e 1 de tratamento do alcolismo nos hospitais galegos e aumentaranse e 396 as prazas*
- *Este plan suporá incrementar o número de profesionais en 169 persoas*
- *Un dos obxectivos é que se facilite atención especializada ambulatoria en saúde mental nun período inferior a 30 días; e, no caso da demanda preferente, antes dos 15 días*
- *Créase por primeira vez unha Unidade de Hospitalización Infanto-Xuvenil e aumentará o número de profesionais neste ámbito en 37*
- *Prevé case unha trintena de programas que dan cobertura no eido da prevención, a asistencia, a rehabilitación, especiais, formación, e investigación*
- *Entre as prioridades figuran a potenciación de alternativas á hospitalización; creación de equipamento de continuidade de cuidados; coordinación entre departamentos; e equidade na distribución*
- *O Plan Estratéxico prevé un incremento de 54 camas co obxectivo de acadar o ratio dunha cama por cada 10.000 habitantes*
- *Crearase un equipo de continuidade de cuidados en todas as áreas sanitarias dos complexos hospitalarios e dos hospitais comarcais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a proposta de *Plan estratéxico de Saúde Mental de Galicia 2006-2011* que formula as bases para a atención á saúde mental no século XXI e o seu desenvolvemento integral. Este Plan recolle como eixes culminar o desenvolvemento do documento de bases para un Plan Galego de Saúde Mental; e asegurar aos pacientes o ao seu ámbito familiar tanto a entrada na rede asistencial como o seu retorno á comunidade, potenciando os recursos asistenciais a nivel ambulatorio, así como os dispositivos intermedios, e desenvolvendo os servizos de rehabilitación e integración social.

O Servizo Galego de Saúde que preside María José Rubio Vidal avaliou os progresos na atención aos problemas de saúde mental; analizou a situación actual na dotación de recursos; e formulou unha estratexia en saúde mental para o seu desenvolvemento nos vindeiros anos, co fin de situar a Comunidade Autónoma de Galicia ao nivel doutras comunidades.

A posta a punto das bases da saúde mental faise de acordo con parámetros de calidade, continuidade, innovación, interdisciplinabilidade, especialización e énfase na atención ás novas demandas e na cobertura das necesidades dos pacientes, das súas familias, e do conxunto da nosa sociedade. Esta proposta estratéxica contempla case unha trintena de programas aglutinados en seis tipoloxías que dan cobertura no eido



da prevención, a asistencia, a rehabilitación, as situacións especiais, formación, e investigación. Cun orzamento total previsto de máis de 43 millóns de euros, suporá, entre outras cousas, incrementar o número de profesionais en 169 no período de vixencia do Plan entre os anos 2006 e 2011.

### **Prioridades, maior coordinación e capacidade de resposta**

Así, despois do informe de situación, establecéronse prioridades tales como a potenciación de alternativas á hospitalización -desenvolvendo estruturas extrahospitalarias baseadas nos programas residenciais e de rehabilitación-; e a creación de equipos de continuidade, que garantirán que o paciente manteña o tratamento.

Isto tradúcese en respostas asistencias que diminúen as necesidades de hospitalización, posto que se intensifican as alternativas a ela, coa diminución no número de prazas de unidades hospitalarias de coidados residenciais, e a potenciación de programas de rehabilitación psiquiátrica e hospitalaria de xeito activo, e incrementando o número de pisos protexidos, residenciais e centros de rehabilitación psicosocial e laboral.

O Plan de Saúde Mental avoga por unha distribución equitativa dos recursos, e unha atención a todos os tramos de idade, desde os maiores -multiplicando por seis a atención psicoxeriátrica-, á poboación infantil, creando por primeira vez unha unidade de hospitalización infanto-xuvenil. A isto engádese o apoio en Atención Primaria, coordinando os niveis asistenciais, e potenciando os programas de interconsulta e enlace.

Isto supón tamén completar a estrutura básica dos equipos Unidades de Saúde Mental; potenciar unidades e programas específicos para o tratamento do alcoholismo; e completar a atención a urxencias psiquiátricas, co desenvolvemento de programas extrahospitalarios en colaboración coa Fundación Urxencias Sanitarias de Galicia-061 e os Puntos de Atención Continuada de Atención Primaria.

Ademais, esta proposta recolle o deseño e desenvolvemento dun programa de *Saúde mental e catástrofes*. Ademais, promoverá a participación do movemento asociativo e do voluntariado, e plans de carácter transversal con outros departamentos implicados. Xunto con isto, reflicte a necesidade de establecer programas de coidado aos coidadores e medidas para o respecto efectivo dos dereitos dos pacientes e as súas familias. Por último, establecerá un sistema de avaliación das prioridades asistenciais.



### **Obxectivos, equidade, calidade e eficiencia**

A partir destas prioridades, establécense unha serie de obxectivos, entre os cales destacan que, en todas as áreas sanitarias, se atendan ás persoas que requiran atención especializada ambulatoria en saúde mental por primeira vez nun período inferior a 30 días; e, no caso da demanda preferente, antes dos 15 días.

Novos equipos de continuidade de coidados en todas as áreas sanitarias ofrecerán un programa de alta intensidade de atención a domicilio para aqueles pacientes que o requiran; e, por outra banda, cada área sanitaria galega terá un programa ambulatorio específico dirixido a persoas con diagnóstico de trastorno mental severo.

A Xunta de Galicia reforzará tamén a cobertura das urxencias psiquiátricas hospitalarias as 24 horas ao día os 365 días do ano en todas as áreas, que disporán de protocolos especializados para esta atención, e desenvolverá máis a intervención en crise en medios extrahospitalarios e a domicilio en colaboración co 061.

### **Materialización de obxectivos, recursos e programas específicos**

A Sanidade pública galega desenvolverá case unha trintena de programas preventivos, asistenciais, rehabilitadores, especiais, de formación e de investigación que xa reflicten as prioridades e liñas estratéxicas do Plan de Saúde Mental, procurando o aproveitamento racional dos recursos existentes, e complementando aqueles que así o requiran, e creando novos onde sexan necesarios. Por isto o Plan estrutura xa o orzamento nos vindeiros anos (43 millóns de euros) para, entre outras cuestións, incrementar en 169 os profesionais implicados.

Así, con este novo Plan, as unidades de Saúde Mental pasan de 34 a 40, e increméntanse en 28 os profesionais que traballarán nelas. Os Hospitais de Día que xa existen en todas as áreas reforzarán con 15 profesionais a súa dotación; neste eido, é clave a creación dos equipos de continuidade de coidados. As unidades de hospitalización psiquiátrica dotaranse con 54 camas máis.

O cambio na atención á saúde mental infanto-xuvenil será enorme, posto que se creará unha unidade de hospitalización, que ata o de agora non existía, e aumentará o número de profesionais en 37 dentro desta área de atención, reforzando a atención ambulatoria ata acadar dous psiquiatras por unidade. Igual sucede coa atención psicoxeriátrica que engade á unidade existente seis máis, dando cobertura a todas as áreas, e incorporando 23 novos profesionais.

En materia de drogodependencias, crearanse unha nova unidade e 40 novas prazas nas comunidades terapéuticas que se dedicarán a pacientes con problemas de alcoholismo grave e persistente. Finalmente, multiplícanse por dous as camas das



unidades hospitalarias de rehabilitación con 110 máis, potenciando os programas de rehabilitación activa e coidados especiais.

Prodúcese unha diminución nas prazas residenciais nos centros hospitalarios, en favor de estruturas residenciais externas que manteñan o paciente achegado ao seu lugar de residencia. Neste caso, son 17 os novos profesionais que se distribuirán neste ámbito, entre as Unidades de Hospitalización Psiquiátrica, Psiquiátrica de Interconsulta, Unidades de Coidados de Rehabilitación, e Unidades de Coidados Especiais. Prevense 396 novas prazas distribuídas en pisos protexidos, vivendas de transición, unidades residenciais, prazas residenciais, e Centros de rehabilitación e Reinserción Psicosocial e Laboral. O Plan Estratéxico prevé un incremento de 54 camas co obxectivo de acadar o ratio dunha cama por cada 10.000 habitantes.

Punto de Partida	Situación actual	Melloras e novidades Plan
Unidades de Saúde Mental	34	6 novas unidades e 28 novos profesionais
Hospitais de Día	7	15 novos profesionais e 28 nos equipos de continuidade de Coidados
Hospital de Agudos	9	54 novas camas
USM Infante Xuvenís	8	37 novos profesionais e nova unidade de hospitalización
Psicoxeriatría	1	6 novas unidades e 23 novos profesionais
Unidade Tratamento Alcoholismo	6	1 nova unidade 40 novas prazas e 7 profesionais
Unidades H. Rehabilitación	3	110 novas camas
<b>Total: 396 novas prazas</b>		

En consecuencia, o documento referendado hoxe prevé que as novas necesidades asistenciais que demanden os pacientes e as súas familias poidan ter unha resposta rápida; así como a equidade na distribución territorial equitativa de recursos, programas e prestacións en saúde mental, baseada na potenciación dos equipos de continuidade, e no incremento de recursos nas áreas. Xunto con isto, ter en conta o coidado aos coidadores e, sempre, en último termo, o respecto á dignidade e dereito dos pacientes.





## **PESCA INVESTIRÁ 600.000 EUROS EN PROMOCIONAR O MEXILLÓN DE GALICIA E MELLORAR A SÚA RASTREXABILIDADE**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o departamento que dirixe Carmen Gallego e o Consello Regulador do Mexillón de Galicia*

A Xunta de Galicia, de acordo co exercicio das súas competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira e a íntegra xestión económica desta, vén executando proxectos que implican a promoción das estruturas de comercialización, mediante accións encamiñadas á normalización e tipificación dos produtos pesqueiros e as súas denominacións de orixe e calidade, sendo a Consellería de Pesca o organismo competente en materia de acuicultura. Deste xeito e dentro das accións de promoción que está a levar a cabo o departamento de Pesca para promocionar o mexillón de Galicia, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta e o Consello Regulador do Mexillón de Galicia para impulsar a consolidación da Denominación de Orixe Protexida deste molusco. O convenio, que ascende a 600.000 euros, ten por obxecto a posta en marcha de actividades "cara a consecución do ben común mediante accións que impulsen a consolidación da DOP".

Para a execución deste acordo, Pesca comprométese a achegar ao Consello Regulador 600.000 euros, así como os medios personais e materiais propios que sexan necesarios para a dirección e coordinación das accións que contempla o acordo, dado que coa consolidación da denominación de orixe protexida para o mexillón galego, o valor engadido deste produto aumentará, o que suporía unha mellora na situación socio-económica dos profesionais que viven do sector da industria e a comercialización deste molusco.

Pola súa banda, o Consello Regulador realizará o diagnóstico, deseño e estudo de implantación de melloras no sistema de control da calidade e do sistema de rastrexabilidade, coordinando todas as accións que leven a cabo co resto da canle comercial. Así mesmo, comprométese a executar accións de promoción do produto e da denominación de orixe co desenvolvemento de actividades destinadas ao fomento do seu consumo e a prestar servizos integrais de asesoramento á Consellería en todas as cuestións relacionadas co sector e coa promoción do produto.

Para velar polo cumprimento deste convenio de colaboración, créase unha comisión de seguimento, que estará composta por un representante da consellería de Pesca e outro do Consello Regulador.



## **MEDIO AMBIENTE APROBA O INVESTIMENTO DE 3 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN DA REDE XERAL DE COLECTORES DO RÍO ARÍNS, EN SANTIAGO**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre este departamento autonómico e o concello compostelán para a execución das melloras, incluídas dentro do Plan de saneamento da bacía*

O plan de saneamento da bacía do río Aríns, en Santiago recibiu hoxe un novo pulo coa aprobación, por parte do consello da Xunta, do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e o concello compostelán para financiar a construción da rede de colectores xerais. A actuación conta cun orzamento de 3 millóns de euros, que serán custeados na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh) e un prazo de execución de ano e medio.

As obras consisten na construción dunha rede de colectores, cos seus correspondentes pozos de rexistro, que terá unha lonxitude de 8.264 metros. As augas recollidas nestas canalizacións serán levadas por gravidade ata a nova depuradora, que é outra das infraestruturas incluídas dentro do plan de saneamento da bacía do río Aríns promovida desde a consellería en colaboración con concello de Santiago. De feito, no consello da xunta celebrado o pasado 14 de setembro aprobouse o investimento (de 2,5 millóns de euros) para a construción da estación de augas residuais, que o mesmo que a actuación dos colectores, será financiada integramente pola empresa de augas.

As infraestruturas hidráulicas previstas no plan de saneamento da bacía do Aríns, que ademais das obras mencionados inclúen a creación da rede secundaria de colectores, resolverán as necesidades de saneamento da zona residencial Monte do Gozo-Aríns e Lamas de Abade. Os novos servizos estarán preparados para atender unha poboación de 16.000 habitantes.



## **AUGAS DE GALICIA EMPRENDERÁ MELLORAS NAS REDES DE SANEAMENTO DO CONCELLO PONTEVEDRÉS DE REDONDELA E DO OURENSÁ DE BAÑOS DE MOLGAS**

- *Para levar a cabo estes proxectos investiranse un total de 662.127 euros, dos que 576.000 corresponden ás obras en Redondela e 86.127 a Baños de Molgas*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ás actuacións na mellora da dotación de redes de abastecemento e saneamento no Concello de Baños de Molgas, en Ourense. Neste municipio, nove núcleos de poboación verán melloradas as súas infraestruturas hidráulicas grazas ao proxecto aprobado esta mañá. Este será executado pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), dependente da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

A actuación no municipio ourensán consiste na construción de 11.816 metros de canalizacións de abastecemento e 6.179 de saneamento, coas cales se dotará destes servizos aos núcleos de Sanguñedo, Cardoeiro, Betán, Santa María, Guede, Nogueira D arriba, Nogueira Dabaixo, Marzá e parte da parroquia de Ponte Ambía. O proxecto suporá un investimento de 576.000 euros, que serán sufragados por Augas de Galicia, con cargo aos orzamentos deste e do vindeiro exercicio.

O proxecto conta cun prazo de execución de 10 meses e virá a completar as redes xa existentes no municipio, tales como a estación de auga potable (Etap) ou o depósito, infraestruturas. Destas dúas infraestruturas tomarase a subministración para dotar do servizo de auga aos núcleos citados anteriormente.

### **Mellora do saneamento en Redondela**

Augas de Galicia acometerá tamén un proxecto de mellora da rede de abastecemento na localidade pontevedresa de Redondela. Concretamente, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh) construírá dous pozos de bombeo en Cabanas. A nova infraestructura dará continuidade á rede de saneamento existente, que discorre en paralelo á estrada N-552 e se dirixe a estación de augas residuais (Edar) de Teis.

A actuación conta cun orzamento de 86.127 euros, que serán financiados na súa totalidade polo departamento hidráulico da administración autonómica. Os proxecto de construción dos bombeos deberá estar rematado nun prazo de tres meses, unha vez que se adxudiquen os traballos para a súa construción.